



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA EXECUCIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE ENTORNOS URBANOS QUE PERMITAN CUMPRIMENTAR AS NECESIDADES XERAIS E EN ESPECIAL AS PREVISTAS POLA CELEBRACIÓN DO ANO SANTO DE 2010.

En Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2007

Dunha parte, Dona María José Caride Estévez, Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, nomeada por Decreto 213/2005 do 3 de agosto de 2005 e facultada para a formalización deste convenio segundo a Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte o Ilmo Sr. D. Xosé Sánchez Bugallo, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Santiago, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ten entre os seus obxectivos a execución de obras en materia de urbanismo e actuacións en entornos urbanos, coa finalidade de adecuar ambiental e urbanísticamente os espazos nos que se desenvolve a vida dos cidadáns, contribuíndo así a melloral a calidade da vida no seu conxunto, incrementando as dotacións e a mellora das instalacións urbanas.

**Segundo.-** Que o termino municipal de Santiago de Compostela, en previsión dos eventos a desenvolver no vindeiro ano Santo que se celebrará en 2010 precisa, entre outras actuacións, realizar o acondicionamento de diversas infraestruturas viarias e a mellora dos servizos urbanísticos que



soportan os accesos a cidade. Como é coñecido, Santiago de Compostela convertese, durante o ano santo, nun centro de atracción que supera as fronteiras non so da comunidade galega, senón que traspasa o ámbito do estado. Consecuentemente prodúcese un enorme incremento do número visitantes aos que é necesario facilitar, entre outros servizos, os accesos en condicións axeitadas a importancia do evento.

Neste contexto, o concello de Santiago de Compostela, expuxo a necesidade de acometer as obras de acondicionamento e mellora dos servizos urbanísticos das seguintes infraestruturas viarias:

- ? Ponte do Romáño a rúa do Pombal.
- ? Camiño Novo a Volta do Castro
- ? Rúa Nova de Abaixo
- ? Avenida de Castelao
- ? Avenida de Fontiñas e
- ? Rúa Berlín

O concello non ten capacidade financeira para acometer cos seus orzamentos a actuación e por iso solicita axuda económica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por importe de 10.000.000 de euros.

Estas actuacións, xa son demandadas polos usuarios habituais, aos que lle suporía unha mellor calidade de vida e permitiría un desenvolvemento harmónico da cidade e do conxunto do termo municipal. A urxencia da intervención determínaa a proximidade da celebración do ano santo de 2010.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é consciente e coñecedora de que a rede viaria de Santiago necesita dunha actuación que, como a que se presenta polo concello, dea unha resposta axeitada o acondicionamento viario que se necesita dispoñible para o vindeiro ano 2010.



**Terceiro.-** Atendendo a finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuacións encadrase como obras de entornos urbanos é polo tanto susceptibles de recibir axudas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a través do seu presuposto de gastos. Competencia que está contemplada no apartado f) do artigo 6º.2 do Decreto 519/2005, do 6 de outubro “*A realización daquelas actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de grandes equipamentos públicos que teñan por obxecto e finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

**Cuarto.-** Nos orzamentos de gasto da consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes para 2007, figura consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acomete-las actuacións sinaladas.

**Quinto.-** Por todo iso, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Santiago de Compostela, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para aborda-la execución das actuacións citadas, a través dun Convenio que se estrutura nas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Santiago que permitan realizar as actuacións de entornos urbanos nos viarios da cidade que a continuación se relacionan:

- ? Ponte do Romáño a rúa do Pombal.
- ? Camiño Novo a Volta do Castro
- ? Rúa Nova de Abaixo



- ? Avenida de Castelao
- ? Avenida de Fontiñas e
- ? Rúa Berlín

## **SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Santiago de Compostela obrigase a:

1.- Mediante a sinatura deste convenio, dar a súa conformidade e aceptación da transferencia da titularidade das estradas que se relacionan no anexo 1 (con planos explicativos), ó seu favor, de tal xeito, que se procede ó inicio do procedemento administrativo da transferencia. A transferencia será efectiva por acordo do Consello da Xunta de Galicia de conformidade coas estipulacións da lexislación vixente na materia. E dicir, para o inicio do expediente este acordo constituirase no punto de partida e polo tanto na solicitude base do procedemento

2.- Contribuír economicamente ao financiamento da actuación cunha aportación de seis millóns novecentos novecentos noventa e seis mil oitocentos sesenta e oito euros con cincuenta e sete céntimos:

Anualidade de 2007:	500.000,00
Anualidade de 2008:	1.500.000,00
Anualidade de 2009:	2.500.000,00
Anualidade de 2010:	2.496.868,57

Os aboamentos realizaraos, para cada anualidade, proporcionalmente as aportación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a mencionada anualidade segundo se establece na cláusula terceira.

3.- Encargarse de realizar tódolos documentos técnicos que sexan precisos para a completa definición das obras a que se fai referencia na cláusula primeira e de levar a cabo, para a citada intervención, as actuacións



consistentes na contratación, dirección, xestión e recepción das citadas obras.

As actuacións expresadas deberán desenvolverse respectando os principios e de acordo coas prescricións establecidas na lexislación de contratos das Administracións públicas.

**4.-** A tenor do disposto no artigo 29.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade das execucións ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Tamén se compromete a establecerlle o contratista, encargado de executar as obras, a obriga de colaboración, para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 46 da citada Lei.

**5.-** Realizar ante a Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda presentado para iso a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención. A este documentos deberase unir tamén a certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda. Esta documentación inclúe as actas de recepción unha vez finalizadas as obras.

Así mesmo, o Concello, comunicará a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a data de recepción ou remate das obras para o efecto de que se envíe un representante se así o estima oportuno.

**6.-** Facilitarlle, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

**6.-** Comunicarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta



para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais ós efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste Convenio.

**7.-** Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 78.10 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, neste Convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

**8.-** Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 78.4 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, tódalas obrigas que, para ó mesmo, establece o citado artigo.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA**

A Xunta de Galicia, a través da consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, asume as seguintes obrigas:

**1.-** Contribuír o financiamento da actuación cunha aportación de como máximo dez millóns de euros (10.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 08.02.521A 762.0 dos presupostos xerais para 2007, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2007:	1.500.000,00 €
Anualidade de 2008:	2.500.000,00 €
Anualidade de 2009:	3.000.000,00 €
Anualidade de 2010:	3.000.000,00 €

Esta aportación declárase compatible, no seu caso, con outras aportacións, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine a execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.



Desta cantidade, poderanse destinar ata un máximo dun 6% do orzamento para aboamento por concepto de honorarios profesionais dos importes de contratos de asistencia que teñan como obxecto a redacción de proxectos técnicos e/ou dirección de obra sinalada na cláusula primeira.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo das obras executadas polo concello, e, se fose o caso, dos honorarios de redacción de proxectos e/ou dirección das mesmas co límite do 6% do orzamento total previsto no presente convenio. As transferencias efectuaranse no marco da anualidade programada, cando sexan solicitadas pola entidade local coa documentación a que se fixo referencia no apartado 5 da cláusula segunda. Os libramentos parciais terán a condición de aboamentos a boa conta e, por iso, supeditados a acreditación do cumprimento da finalidade da axuda.

3.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, reservase o dereito de inspecciona-las obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ó seu remate.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente Convenio, crease unha Comisión, que resolverá as controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente Documento. Formarán parte pola consellería, o Director e o Subdirector xerais de Urbanismo; o concello estará representado polo Alcalde e o responsable da concellería de Obras e/ou Infraestruturas.

#### **CLÁUSULA QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.**

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, para o non establecido nelas, seralle de aplicación o réxime xurídico do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, DOG nº 238 do 11 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Decreto legislativo



1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Conselleira de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- O presente Convenio ten natureza administrativa. A xurisdición Contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións, estendéndose por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

## **CLÁUSULA SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e) A denuncia por calquera das partes por razóns de interese público.





### **CLÁUSULA SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL**

Pola natureza das actuacións subvencionables e o destinatario da mesma, de acordo co apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 41 da Lei 14/2006 de 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2007, a entidade local queda exenta da obriga de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

### **CLÁUSULA OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO.**

A vixencia do presente Convenio esténdese dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas, non podendo exceder do 30 de decembro do ano 2010

A Conselleira de Política  
Territorial, Obras Públicas e  
Transportes

O alcalde - presidente do concello  
de Santiago de Compostela

María José Caride Estévez

Xosé Sánchez Bugallo